

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 17 DE NOVEMBRO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago a título persoal á S.M. o Rei Don Xoán Carlos.
- Decreto polo que se regula a cooperación da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: actuacións de mellora na estrada PO-235, 1ª fase, de clave: PO/15/058.10.1, no concello da Lama.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Outeiro de Rei para a adecuación das instalacións do circuíto do concello como centro de deportes de motor e seguridade viaria, cun investimento de douscentos vinte e tres mil setecentos sesenta e catro euros con vinte e cinco céntimos (223.764,25€), IVE incluído.

## CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e Redes de Telecomunicacións, Retegal, S.A. para o despregamento da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, cun importe total de dous millóns vinte e seis mil euros (2.026.000 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se convocan 2 bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nas universidades Nova de Lisboa e Federal da Bahía, por un importe total de noventa e catro mil seiscientos noventa e dous euros con noventa e seis céntimos (94.692,96 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación per L'Amor a L'Art de Valencia e o Museo Universidade de Navarra, para a exhibición no Centro Galego de Arte Contemporánea da exposición *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo*, por un importe total de trinta e seis mil seiscientos vinte e nove euros con cincuenta e dous céntimos (36.629,52€).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a ampliación das liñas de apoio do Igape ao acceso e adecuación do financiamento das explotacións produtoras e transformadoras de uva e de castañas afectadas polas xeadas e sarabias, e as explotacións produtoras de pataca, cereal, horta e froiteiras afectadas pola sarabia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de situación e balance da Plataforma Punto Lox. Servizo loxístico integral e Plataforma Loxística do Servizo Galego de Saúde.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre necesidades legislativas en materia de prevención de incendios.

## **A XUNTA CONCEDE Á SÚA MAXESTADE O REI DON XOÁN CARLOS O TÍTULO DE EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO**

- *Esta distinción reconece a contribución do monarca ao coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago, da cultura e dos valores xacobeos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago á Súa Maxestade o Rei Don Juan Carlos. Esta distinción pretende reconecer a súa decisiva contribución ao coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago, a cultura e os valores xacobeos.

A Súa Maxestade o Rei Don Juan Carlos cumpre todos os requisitos para ser distinguido con este reconecemento a título persoal. A súa vinculación coa Ruta do Mar de Arousa e río Ulla, que recupera a traxectoria da tradición histórica da *Traslatio* do corpo do apóstolo Santiago desde Jaffa ata Padrón, en Galicia, ten como principal momento as súas visitas nos anos 1991 e 1993, cando percorreu este itinerario marítimo de peregrinación, achegándose ás súas tradicións e contribuindo dun xeito excepcional á súa difusión.

Na actualidade, de novo a Súa Maxestade o Rei Don Juan Carlos volve percorrer as augas desta ruta marítimo fluvial nas diversas competicións nas cales participa e nos numerosos adestramentos e paseos de lecer que realiza.

O seu nomeamento como Embaixador de Honra do Camiño de Santiago reconece así o seu importante papel na difusión desta ruta, á que apoia coa súa continua presenza.

O Decreto 163/2013 regula a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, con carácter vitalicio, que, nos últimos anos, recibiron a Súa Maxestade o Rei Don Filipe, o presidente do Goberno, Mariano Rajoy, e o ex- seleccionador nacional de fútbol Vicente del Bosque.

## **A XUNTA COLABORARÁ COS CONCELLOS GALEGOS NA SELECCIÓN E FORMACIÓN DOS MEMBROS DA POLICÍA LOCAL**

- *Trátase dun paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos aos galegos*
- *O obxectivo fundamental é favorecer a calidade dos procesos selectivos, asegurar cobertura de prazas e acadar unha policía local cada vez máis especializada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula a cooperación entre Xunta e concellos para facilitar a selección, tanto dos membros do corpo da Policía Local, como dos vixilantes municipais e dos auxiliares. Ademais de centralizar a organización dos cursos selectivos de formación e capacitación na Academia Galega de Seguridade Pública.

Así, a partir da entrada en vigor do decreto, os concellos poderán asinar voluntariamente o convenio cun prazo de duración de catro anos para solicitar a cooperación da Xunta, polo cal se determina, por parte do Goberno galego, a asunción da convocatoria das prazas vacantes, a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía Local, e a organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou de capacitación.

Os concellos comunicarán o número, denominación e características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía Local, incluídas, as de auxiliares de policía local, ou dos postos de vixilantes municipais, especificando a escala e categoría á que pertencen, o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

A Xunta reserva para si a posibilidade de non convocar procesos selectivos unitarios cando as prazas comunicadas polos concellos non alcancen un número total de 10 nos casos de acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e nos de auxiliares de policía local; e de non alcanzar un número total de 5 no tocante ás categorías de policía que se cobren por promoción interna e aos vixilantes municipais.

Excepcionalmente, cando o número de prazas comunicadas se aproxime ao número mínimo sinalado e se xustifique a eficiencia do uso dos medios dispoñibles, por motivos de interese público vinculados á correcta prestación do servizo da Policía Local, poderán convocarse procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior.

O decreto hoxe aprobado é un paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos aos galegos, polo que esta colaboración non suporá ningunha obriga económica para os concellos, asumindo a Xunta todos os gastos que comporte a organización dos procesos selectivos.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DA PRIMEIRA FASE DA MELLORA DA PO-235 ENTRE ANTAS E SEIXIDO, NO CONCELLO DA LAMA**

- *O orzamento previsto para a execución destas obras é de preto de 600.000 euros*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé licitar as obras a finais deste ano, 2017*
- *Paralelamente, a Xunta avanza na redacción do proxecto da segunda fase das obras, que permitirá completar o acondicionamento da estrada mediante un investimento de 1,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta aproba o Decreto de utilidade pública para a expropiación de catro predios necesarios para acometer obras de mellora no treito comprendido entre Antas e Seixido na estrada PO-235 (Carballedo-límite da provincia de Ourense), no Concello da Lama. Esta actuación suporá un investimento da Xunta de máis de case 600.000 euros e a súa licitación está prevista para este mesmo ano.

Para executar estas obras estímase que será necesario, ademais, investir máis de 9.500 euros en concepto de expropiacións polos catro predios afectados. O obxectivo é proceder ao levantamento de actas previas á ocupación dos terreos no primeiro trimestre de 2018.

Os terreos necesarios para executar estas obras foron postos á disposición da Xunta por parte do Concello da Lama, que obtivo estes terreos por cesión voluntaria dos propietarios. Porén, existen catro parcelas que, por non teren titular coñecido, non puideron ser postas á disposición, o que motiva a expropiación.

A actuación que a Xunta vai desenvolver na Lama consiste no ensanche e mellora desta estrada en varios puntos entre os núcleos de Antas e Seixido, coa fin de mellorar a seguridade viaria e a comodidade na circulación nos puntos máis problemáticos e no treito máis próximo a Seixido.

Paralelamente, a Xunta avanza na redacción do proxecto da segunda fase das obras, que permitirá completar o acondicionamento da estrada mediante un investimento de 1,5 millóns de euros.

As obras previstas na primeira fase comprenden a ampliación transversal dos pontóns situados nos puntos quilométricos 15+630 e 17+300, para acadar un ancho de 8 metros, o que permitirá dispor dunha calzada de 6 metros, xunto con beiravías e os correspondentes peitorís de contención. Ademais, mellorarase o trazado das curvas de acceso aos ditos pontóns, ampliando lixeiramente o seu radio.



Por outra banda, tamén se acondicionará a estrada desde a saída do pontón do punto quilométrico 17+300 ata o final da vía, no núcleo de Seixido. Neste punto ampliarase a sección transversal, que ten actualmente aproximadamente 5,5 metros, ata acadar un ancho de 6,5 metros e estenderase no firme unha nova capa de rodadura. Para a drenaxe da plataforma, ademais de ampliar as obras de drenaxe que resulte necesario, procederase ao tendido e revestimento das cunetas, nos tramos que resulte conveniente.

Procederase tamén á reposición da rede de saneamento existente no núcleo de Seixido, que se ve afectada pola obra e a disposición de sinalización horizontal, vertical e de balizamento e defensas.

Ademais, a Xunta de Galicia está a redactar tamén o proxecto construtivo da segunda fase das obras de mellora da PO-235 entre Antas e Seixido, cun orzamento próximo a 1,5 millóns de euros, que permitirá completar o acondicionamento da estrada entre os puntos quilométricos 11+870 e 17+200 mediante a ampliación da plataforma con criterios semellantes aos utilizados nesta primeira fase.

### **Antecedentes**

Na última década, a Consellería de Infraestruturas acondicionou varias estradas autonómicas da zona leste da Comarca de Pontevedra que percorren o termo municipal da Lama e os seus concellos limítrofes, que melloraron a comodidade e a seguridade na circulación na rede viaria destes concellos, cun investimento próximo a 12 millóns de euros.

Así, no ano 2010 a Consellería de Infraestruturas finalizou as obras de mellora das estradas PO-241, entre A Lama e Antas (2,4 km), e PO-235 no tramo de 11,8 km comprendido entre Carballedo e Augasantas e da estrada, facilitando as comunicacións cara a Cotobade.


En 2013 finalizou o acondicionamento das estrada PO-255 en PO-241 no treito Ponte Caldelas- Caritel-A Lama, mellorando a conexión con Ponte Caldelas.

Ademais, a Axencia Galega de Infraestruturas continúa a traballar na mellora das infraestruturas de comunicación con Ponte Caldelas, coa execución das obras de mellora da PO-234 entre Augasantas e o cruzamento a Portasouto, e as previstas nesta vía entre Laxoso e Ponte Caldelas.







Situación




Seccións tipo



SECCIÓN TIPO TRONCO PO-235



SECCIÓN TIPO PONTÓN 17-300  
Escala 1:50



SECCIÓN TIPO PONTÓN 154-630  
Escala 1:50

Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO DECRETO DE ORDENACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA

- *Esta norma desenvolverá as funcións da escala operativa do servizo, creada mediante a Lei 10/2010, que modificou a Lei do servizo de Gardacostas de Galicia*
- *Tamén busca desenvolver con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo do servizo e reforzar o principio de estrutura xerárquica*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, que substituirá a actualmente en vigor, do ano 2005 e, a diferenza del, desenvolverá as funcións da escala operativa do servizo, a que inclúe os patróns e mecánicos, creada mediante a Lei 10/2010, do 11 de novembro, que modificou á Lei pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.

Así, o documento establece o procedemento que se seguirá para que o persoal do Servizo de Gardacostas poida integrarse na escala operativa. Deste xeito, a través do novo decreto abrirase un prazo dun mes para presentar solicitudes para que aqueles que o desexen e cumpran os requisitos se integren na escala operativa. O prazo comezará a contar desde o día seguinte ao da entrada en vigor do decreto, que será aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, o seguinte paso tras a súa aprobación no Consello da Xunta.

Esta integración rematará a ordenación do servizo e facilitará a carreira profesional do persoal implicado, permitíndolle participar nos concursos de provisión de postos que se convoquen na escala operativa. O decreto especifica que poderá solicitar a súa integración na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia o persoal funcionario do Servizo de Gardacostas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpra unha serie de requisitos.

Así, para a especialidade de patróns/oas deberán estar en posesión dalgún dos títulos profesionais de patrón de pesca de altura, patrón maior de cabotaxe, patrón de altura ou equivalente ou superior. Para a especialidade de mecánicos/as deberán ter algún dos títulos profesionais de mecánico naval maior, mecánico maior naval ou equivalente ou superior.

A normativa tamén busca desenvolver con precisión as funcións dos diferentes postos de traballo do servizo e reforzar o principio de estrutura xerárquica. Neste sentido, non introduce grandes novidades respecto do desenvolvemento do traballo dos gardacostas, senón que precisa os cometidos do persoal segundo as escalas que forman o servizo, que son a técnica, a executiva, a operativa e a de axentes.

Isto, sobre todo, durante o desenvolvemento de actuacións que exixen persoal que, aínda pertencendo ao mesmo servizo, pode proceder de unidades operativas diferentes. Tamén para situacións de cooperación entre persoal de Gardacostas e doutros organismos como as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou voluntariado.

Os labores que desenvolverán as distintas escalas enmárcanse dentro das funcións inspectora, preventiva e paliativa que, con carácter xeral, desenvolve o Servizo de Gardacostas. Así, dentro das funcións da nova escala que incorpora, a operativa, o decreto sinala o apoio ás escalas técnica e executiva.

Ademais, correspóndelle a custodia, protección, vixilancia, defensa e control dos recursos mariños de Galicia, especialmente nas fases de captura ou extracción no mar ou na zona marítimo-terrestre. Tamén o control das actividades da acuicultura, transporte e comercialización dos produtos do mar e participar nas actividades de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. Outro dos seus cometidos é o de dirixir o persoal da escala de axentes na realización das súas funcións e transmitir aos seus superiores a información necesaria para a planificación dos servizos.

O persoal da escala técnica ten como funcións a dirección, planificación e execución das actuacións do Servizo de Gardacostas e ao da escala executiva correspóndelle a súa coordinación, participación e execución. Por último, entre as funcións da escala de axentes están a de protexer, vixiar e defender os recursos mariños de Galicia, e controlar o seu aproveitamento. Tamén vixiar e previr a contaminación mariña, participando nas tarefas de eliminación, participar nos labores de salvamento marítimo, vixiar o funcionamento de centros e instalacións relacionados coa produción acuícola e, en xeral coa conservación do medio mariño. Outro dos seus labores é efectuar denuncias polas infraccións establecidas na lexislación de protección dos recursos marítimos e realizar as inspeccións que se lles encomenden.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO POLO QUE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ADECUARÁN O CIRCUÍTO COMO CENTRO DE DEPORTES DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA**

- ***O importe total das actuacións que realizarán ascende á cantidade de 223.764,25 euros, dos que a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 157.000 euros e o Concello de Outeiro de Rei achegará os restantes 66.764,25 euros en dúas anualidades***

O Consello da Xunta deu luz verde ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Outeiro de Rei (Lugo) para a adecuación das instalacións do circuíto do concello como centro de deportes de motor (centro de formación e tecnificación) e seguridade viaria. Segundo o convenio, o importe total das actuacións que realizarán ascende á cantidade de 223.764,25 euros, dos que a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará 157.000 euros e o Concello de Outeiro de Rei achegará os restantes 66.764,25 euros en dúas anualidades.

Co fin de dar un novo pulo ao circuíto do concello de Outeiro de Rei situado en Robra, o convenio aprobado hoxe regulará a súa reforma para convertelo nun centro de formación e tecnificación de deportes do motor e seguridade viaria, ampliando e mellorando as instalacións existentes e dotándoas de versatilidade e da posibilidade de simultaneidade de usos con distintas variantes.

A intervención que se propón consiste en acondicionar os terreos para o novo trazado, dotándoo dunha rede de drenaxe e executando os firmes e pavimentos, así como os bordos correspondentes. Así mesmo, prevese a execución de instalacións de rega e fontanaría, e tamén de electricidade e iluminación e sinalización.

A Secretaría Xeral para o Deporte participa neste proxecto co obxectivo de potenciar o deporte base sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien o conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva. No vindeiro exercicio de 2018, a Secretaría Xeral para o Deporte ten previsto destinar un total de 2.983.043 euros para a construción e a mellora das infraestruturas deportivas de Galicia, un 23 % máis con respecto ao destinado en 2017 (2.425.570 euros).

O convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Outeiro de Rei artéllase segundo o artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

## **A XUNTA PORÁ EN MARCHA UNHA REDE DIXITAL DE VIXILANCIA FORESTAL PARA APOIAR A PREVENCIÓN, A DETECCIÓN E O SEGUIMENTO DE INCENDIOS**

- *Entrará en funcionamento en 2018 cunha primeira fase que cubrirá preto do 50 % do territorio e as parroquias con máis risco de actividade incendiaria*
- *O sistema posibilitará aos técnicos forestais a monitorización das zonas videovixiadas as 24 horas do día*
- *Permitirá xeoposicionar as imaxes, o que facilitará o seguimento do incendio e a toma de decisións para asignar recursos*
- *A medida que a evolución tecnolóxica o permita abordarase a incorporación á rede de novas solucións innovadoras orientadas á detección temperá de lumes*

A Xunta de Galicia porá en marcha unha Rede de vixilancia dos espazos forestais para apoiar o labor de detección e prevención e seguimento deste tipo de incendios. En 2018 estará operativa unha primeira fase do sistema, que permitirá monitorizar o 48% do territorio, incluíndo terreos das 73 parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) definidas así no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) da Consellería do Medio Rural.

A rede, anunciada polo presidente da Xunta no Parlamento como unha das 30 medidas na proposta de acordo forestal, xestionarase a través dunha plataforma tecnolóxica que facilitará a vixilancia remota dos montes desde un centro de control as 24 horas do día e permitirá aos axentes e técnicos forestais o acceso en tempo real ás imaxes, incluso a través de dispositivos móbiles.

Os obxectivos principais da rede nesta primeira fase son a vixilancia remota e servir de apoio na extinción de incendios. En caso de detectarse un lume o sistema achegará información visual en directo sobre o avance e as condicións do incendio e permitirá xeoposicionar o punto exacto que se está a visualizar en cada momento. Deste xeito, a rede ofrece un mecanismo de apoio á toma de decisións polas autoridades e persoal técnico competentes para mobilizar e xestionar medios e recursos para os labores de extinción.

A nova rede despregarase aproveitando as infraestruturas de Retegal. Nesta primeira fase instalaranse cámaras en 34 centros de telecomunicacións do operador público, que facilitarán cobertura visual de 1,4 millóns de hectáreas, preto da metade do territorio galego.

### **Investimento e evolución da rede**

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e Retegal que

---

articula a posta en marcha e mantemento desta Rede de vixilancia dos espazos forestais ata 2022 cun investimento de 2.026.000 euros.

Nunha segunda fase, e con base nas necesidades detectadas polos equipos forestais, definirase a ampliación da cobertura da rede. Ademais, a media que a evolución tecnolóxica ofrezca novas solucións, prevese abrir unha consulta pública ao mercado para analizar a posibilidade de incorporar tecnoloxías innovadoras que melloren a eficacia do dispositivo ou permitan avanzar na detección temperá de lumes.



## **EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES NOVA LISBOA E FEDERAL DA BAHÍA (BRASIL) PARA A DOCENCIA E PROMOCIÓN DO GALEGO**

- ***A Consellería destina preto de 95.000 euros ao financiamento de dúas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galega nas ditas universidades por un período de tres anos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coas universidades Nova de Lisboa (Portugal) e Federal da Bahía (Brasil) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e dar así continuidade a un acordo que se mantén desde 1994 e 1996, respectivamente.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde a través da cal se anuncia a convocatoria pública de dúas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nas ditas universidades por un período de tres anos. Para tal fin, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 94.693 euros ao financiamento do importe íntegro da contratación dos bolseiros por un período que abrangue desde febreiro de 2018 ata xaneiro de 2021, que estarán baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos en cada unha das universidades, e en permanente coordinación con este.

O programa de formación, que terá un marcado carácter práctico, estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación, a difusión e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

As persoas que opten ás ditas bolsas deberán ser licenciadas en Filoloxía Galega, en Filoloxía Románica (sempre que a segunda lingua románica elixida fose o galego), graduadas en Lingua e Literatura Galegas, graduadas en estudos de Galego e Español ou en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; entre outros requisitos.

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á



difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). E, alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## O CGAC EXHIBIRÁ A MOSTRA QUE REÚNE O TRABALLO FOTOGRÁFICO DE MARÍA BLEDA E JOSÉ MARÍA ROSA

- *Poderá verse do 30 de outubro de 2018 ao 30 de marzo de 2019*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación per L'Amor a L'Art de Valencia e o Museo Universidade de Navarra, para a exhibición no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) da exposición *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo*, a mostra que recolle 25 anos de traballo fotográfico de María Bleda e José María Rosa. Ao abeiro deste acordo, a retrospectiva poderá verse en Compostela do 30 de outubro de 2018 ao 30 de marzo de 2019; despois de pasar polo Museo da Universidade de Navarra (do 1 de marzo ao 30 de setembro de 2018).

A exposición foi deseñada, producida e adquirida polo Centro de Arte Bombas Gens, dependente da Fundación per Amor a l'Art, quen dispón dos dereitos necesarios para a súa mostra; polo que é necesario asinar un acordo de colaboración para que a entidade permita a súa exhibición no centro museístico galego. A Consellería farase cargo da montaxe e desmontaxe das obras, o seu transporte, do acondicionamento das salas e da montaxe de todo o material audiovisual, así como da adaptación do material promocional e divulgativo da exposición. Así mesmo, o CGAC ocuparase de todo o relativo ao material impreso, programa de actividades, relacións públicas, seguridade da mostra, etc.

*Bleda y Rosa. Geografía del tiempo* reúne o traballo de María Bleda (Castellón, 1969) e José María Rosa (Albacete, 1970), artellándoo arredor da serie Campos de batalla -que se exhibe ao completo por primeira vez-, ademais de traballos de *Campos de fútbol* (1992-1995), *Origen* (2003-) e *Prontuario. Notas en torno a la Guerra y la Revolución* (2011-).

Bleda y Rosa, dúas das figuras máis destacadas da fotografía española, recibiron o Premio Nacional desta disciplina no ano 2008.

## **A XUNTA MOBILIZARÁ 6,5 MILLÓNS DE EUROS MÁIS EN FINANCIAMENTO SEN CUSTOS PARA AS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS AFECTADAS POLAS XEADAS E A SARABIA**

- *Mediante unha achega dun millón de euros, a Xunta impulsa unha nova convocatoria que mobilizará financiamento para apoiar as explotacións agrarias para superar os efectos adversos da meteoroloxía*
- *Súmase á aprobada polo Consello da Xunta o pasado mes de setembro facilitando, deste xeito, a mobilización de máis de 10 M€ sen custos*
- *A reforzada liña de axudas, avaliada hoxe polo Consello da Xunta, posibilita a concesión de préstamos con xuros bonificados tanto para financiamento de circulante como para refinanciamento de pasivos das explotacións agrícolas para que ningún proxecto quede sen apoio por falta de fondos*
- *Os interesados poden presentar, desde a publicación da nova convocatoria no Diario Oficial de Galicia e ata o 28 de febreiro de 2018, as súas solicitudes de financiamento para facer fronte a previsibles reducións de ingresos ou para agardar o cobramento das indemnizacións dos seguros*
- *Esta iniciativa forma parte do programa integral de financiamento Galicia 1000 co que a Xunta prevé apoiar este ano máis de 3000 empresas*

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá a realización dunha segunda convocatoria da liña de axudas posta en marcha o pasado mes de setembro para facilitar o acceso das explotacións agrarias afectadas polas xeadas e sarabias deste ano a préstamos bonificados, a custo cero, para financiamento de circulante ou refinanciamento de pasivos.

O Goberno galego destinará un millón de euros a esta segunda convocatoria coa previsión de mobilizar 6,5 millóns. A medida súmase aos 500.000 euros aprobados o pasado mes de setembro para esta liña coa que se mobilizarán 3,5 millóns de euros. Así, entre as dúas edicións, a Xunta chegará aos 10 millóns de euros mobilizados, como mostra do seu apoio ás explotacións agrarias que se viron prexudicadas polas condicións meteorolóxicas adversas deste ano, cumprindo ademais co seu compromiso de ampliar o orzamento inicial desta liña de axudas en caso de ser necesario. É dicir, ningún proxecto quedará sen financiamento por falta de fondos.

Como na anterior convocatoria, o obxectivo é facilitar a mobilización de financiamento bancario, con préstamos a partir de 3.000 euros sen custos financeiros, para que as explotacións agrarias afectadas polas xeadas e as sarabias poidan funcionar con normalidade, aprazando os seus pagamentos para facer fronte ás previsibles reducións de ingresos, e para agardar polo cobramento, se é o caso, das indemnizacións dos seguros.

Deste xeito, as explotacións produtoras ou transformadoras de uva, pataca, castaña, cereal e outros produtos de horta ou froiteiras poderán aprazar os seus pagamentos adaptándoos aos ingresos e reforzar, ao mesmo tempo, as súas estruturas financeiras como empresas.

As solicitudes poderán presentarse ata o día 28 de febreiro, unha vez que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras da orde de axudas e, deste xeito, os agricultores terán a posibilidade de acceder ao financiamento habilitado para facer fronte a previsibles reducións de ingresos ou para agardar polo cobramento das indemnizacións dos seguros que lles correspondan.

A liña financeira aprobada polo Consello da Xunta forma parte do programa integral de financiamento Galicia 1000 co que a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, prevé apoiar este ano máis de 3000 empresas mediante capital risco, préstamos directos ou préstamos bonificados e avalados para facilitar os investimentos e a actividade empresarial en xeral.

## **A PLATAFORMA LOXÍSTICA DO SERGAS PREPARA E DISTRIBÚE UNHA MEDIA DE 9.847 ENTREGAS DE MATERIAL CADA DÍA LABORABLE AOS CENTROS SANITARIOS**

- *Actualmente os obxectivos son ampliar o alcance do proxecto, mellorar a eficiencia do sistema e a satisfacción dos usuarios, incrementar a automatización, diminuír as incidencias e desenvolver a innovación en loxística*
- *O servizo loxístico integral permite descargar o persoal asistencial de tarefas burocráticas automatizando a xestión do material e eliminando o papel*
- *Pasouse de 21 almacéns a un único local de almacenamento con 161 traballadores*
- *Permite un coñecemento preciso e informatizado das necesidades dos centros, e un maior control das existencias, reducindo o stock e as perdas por caducidade, obsolescencia ou existencias innecesarias*

A plataforma loxística do Servizo Galego de Saúde xestiona anualmente 2,5 millóns de solicitudes de material, isto é, prepara e distribúe unha media de 9.847 entregas por cada día laborable. Ademais, cada día laborable, esta plataforma recibe 1.744 entregas de produtos das empresas de provedores, arredor de 450.000 entregas cada ano. Son datos presentados esta mañá ao Consello da Xunta de Galicia polo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, incluídos no balance do servizo loxístico integral e da plataforma loxística do Servizo Galego de Saúde.

A operatividade deste servizo tamén repercute na mellora da calidade asistencial percibida polos cidadáns, xa que permitirá dispoñer nos servizos sanitarios dos produtos necesarios no momento xusto e acadar a satisfacción permanente de todos os axentes implicados na cadea de subministracións.

Actualmente os obxectivos son ampliar o alcance do proxecto, mellorar a eficiencia do sistema e a satisfacción dos usuarios, incrementar a automatización, diminuír as incidencias e desenvolver a innovación en loxística. Así, entre as liñas de actuación destaca implantar a plataforma en novos centros como O61, Galaria, Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e servizos centrais.

### **Eficiencia, automatización e mellor control do produto**

O servizo loxístico e a plataforma loxística do Sergas permiten a homoxeneización de toda a xestión loxística nun único almacén de produtos no que traballan 161 persoas cunha aplicación informática única e centralizada. O investimento na edificación, na súa dotación e no sistema de información, superou os 15 millóns de euros.

O almacén sitúase nunha parcela de máis de 17.000 m<sup>2</sup>, cunha superficie construída de máis de 9.100 m<sup>2</sup>. Grazas á posta en marcha desta plataforma, redúcese e optimízase o uso do espazo dedicado ao almacenamento nos centros sanitarios (previamente había 21 almacéns cunha superficie de 16.247 m<sup>2</sup>).

A plataforma permite un coñecemento máis preciso e unha xestión automatizada e informatizada das necesidades das unidades de consumo e un maior control das existencias tanto nos almacéns das unidades de consumo como no almacén central da plataforma, posibilita reducir o nivel de stock e reducir as perdas ocultas (por caducidade, obsolescencia de produtos, existencias innecesarias). Actualmente as existencias ascenden a un global de 6,5 millóns de euros, cunha cobertura do inventario de 28 días (frente a un punto de partida que era de 23,5 millóns de euros e unha cobertura de inventario cada 70 días).

Ademais, posibilita descargar ao persoal asistencial de labores burocráticos mediante a automatización de tarefas. Elimínouse a utilización de papel nos procesos loxísticos coa implantación dun novo sistema de información e todos os procesos de xestión con todas as unidades de consumo fanse electronicamente.

Igualmente, hai un maior control da caducidade e da temperatura dos produtos, tanto na recepción, como no almacenamento e na distribución. Existe, tamén, unha rastrexabilidade dos materiais desde a súa compra, o que posibilita o control en todo o proceso.

### **Inicio da plataforma**

Comezou a operar en xuño de 2013 e desde finais de 2015 atende a todos os centros sanitarios públicos da nosa Comunidade Autónoma. Esta plataforma conta cun almacén único de produtos no que se reciben a maioría dos produtos sanitarios e non sanitarios que precisan os centros sanitarios para a súa xestión, algúns almacénanse e outros, en tránsito, agrúpanse para servilos aos centros xunto cos produtos almacenados.

Subministra xa a un total de 2.762 unidades de consumo localizadas en 688 centros (hospitais, PAC, centros de saúde, consultorios e residencias). O servizo loxístico está dispoñible os 365 días do ano as 24 horas ao día, e as emerxencias a calquera punto de destino débense atender en menos de dúas horas e media.

### **Servizo loxístico integral: plataforma e central de compras**

Na súa aposta por unha xestión responsable e eficiente dos recursos, o Sergas impulsou o proxecto de servizo loxístico integral e plataforma loxística no marco estratéxico do Sergas e configúrase como unha das actuacións que se están a levar a cabo en todo o ámbito do aprovisionamento sanitario e que se agrupan na

---

denominación Plataforma Punto (formado por Punto Lox, Punto Info, Punto Com).

Punto Lox, que corresponde á plataforma loxística que permitiu o agrupamento de todas as funcións loxísticas para os produtos almacenables que se consumen en todos os centros do Sergas. Punto Info, que son as aplicacións informáticas corporativas de aprovisionamento e xestión económica.

Doutra banda, o Sergas ten en marcha o proxecto Punto Com que é Plan de compras integradas 2016-2017, cun importe estimado de compra anual de 157.490 euros, que ten como obxectivo diminuír os prezos debido ao aumento da escala de compras, unificar produtos consumidos no sistema e simplificar a xestión. No vindeiro mes de decembro actualizarase este plan co novo Plan de compras integradas 2018-2019, que seguirá criterios semellantes ao actual. Almuiña destaca que a creación dunha central de compras debe converterse na liña estratéxica fundamental no ámbito do aprovisionamento sanitario nos próximos exercicios.



## OS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN EN ESTADO DE ABANDONO PODERÁN INCORPORARSE AO BANCO DE TERRAS PARA SEREN XESTIONADOS POR TERCEIROS QUE OS POÑAN EN PRODUCTIVIDADE

- *Esta medida podería poñerse en funcionamento sempre que a comunidade de montes rexeite o coidado do monte ou a súa posta en valor*
- *O mesmo sucederá con determinadas parcelas que dificulten a xestión por parte das sociedades de fomento forestal (Sofor), que incluso poderán ser expropiadas*
- *O Consello da Xunta valorou hoxe esta e outras modificacións lexislativas que se incorporarán á Lei de medidas de acompañamento para a súa aplicación o próximo ano*
- *No paquete de accións están incluídas as que se presentaron esta semana aos concellos para que acheguen as súas propostas ou emendas*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as modificacións relacionadas coa xestión forestal que se incorporarán á Lei de medidas de acompañamento co fin de aplicalas de forma case inmediata. Entre elas, destaca o feito de que os montes veciñais en man común que non estean explotados adecuadamente poderán declararse en estado de grave abandono de xeito que poidan ser incorporados ao Banco de Terras. Así, poderá ofertarse a súa xestión a terceiros que estean dispostos a poñer o monte en valor durante 50 anos, sempre e cando a comunidade rexeite o coidado do monte ou a súa posta en valor.

Algo similar sucederá con aqueles terreos que dificulten a xestión dos montes por parte das Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). Neste caso, ou ben se incorporarán ao Banco de Terras ou incluso se expropiarán co mesmo obxectivo de poñelas á disposición da Sofor en cuestión e que poidan xestionalas en común.

Ademais, destas dúas novas emendas, o Consello da Xunta analizou hoxe o paquete de medidas no que están involucrados os concellos e que xa foi presentado nun encontro coa Fegamp. Así, por exemplo, a partir do próximo ano cando os propietarios incumpran a súa obriga de limpar o monte, as distancias mínimas que establece a Lei de montes ou manteñan en estado de abandono predios que foron concentrados, e estes incumprimentos provoquen ou agraven un incendio forestal, os custos de extinción tamén poderán ser repercutidos aos propietarios.

### **Máis novidades**

A través das emendas tamén se incluírán nas redes primarias de xestión de biomasa as subestacións eléctricas e estacións de telecomunicacións, o que significa que nos cinco metros de perímetro destas instalacións non se poderán plantar especies pirófitas e deberá xestionarse a biomasa. Igualmente, incluíranse nas faixas secundarias as vivendas illadas en solos rústicos a máis de 400 metros do monte.

Ademais, suprímense as distincións que se establecían sobre a plantación de especies pirófitas e a partir de agora quedará prohibido plantar piñeiros, eucaliptos e acacias nos 50 metros arredor de edificacións, vivendas e urbanizacións, instalacións, límite do solo urbano, rural e urbanizable (as faixas secundarias de xestión da biomasa). Respecto a data en que os traballos de roza terán que estar rematados, adiántase ao 31 de maio, cando ata o de agora era en xuño.

### **Axilizar as actuacións subsidiarias**

Entre as emendas destacan aquelas que permitirán axilizar as accións que deben executar as administracións con carácter subsidiario. Así, cando se requira xestionar a biomasa a propietarios de parcelas descoñecidos e ilocalizables, bastará cun aviso cun prazo de 15 días no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Ábrese tamén a posibilidade de limpar os montes máis descoidados sen que teña que existir consentimento das persoas responsables nin autorización xudicial, sempre que estas parcelas non teñan consideración de domicilio.

Doutra banda, cando exista un grave risco para as persoas e os bens materiais, poderán delimitarse por decreto as zonas de actuación prioritaria para que se limpen de xeito inmediato. Bastará cunha resolución da propia Consellería do Medio Rural ou dos concellos.

Neste paquete de medidas, establécese a posibilidade incluso de chegar a expropiar predios de titular descoñecido en que non se estea xestionando debidamente a biomasa e, polo tanto, teña que facelo unha Administración pública. O requisito será que os custos destes traballos sexan superiores ao valor catastral do terreo.

Do mesmo xeito, vaise incorporar tamén a incautación de madeira cando sexa a Administración a que limpe ese territorio de xeito subsidiario e se desta venda existe beneficio, o importe resultante incorporarase a un fondo de nova creación que permitirá ter orzamento para executar outras rozas.